

# CEP Dr. Fleming




[Versión 1.0_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital


1. **Introdución**
   - 1.1. Datos básicos do centro
   - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
   - 1.3. Breve xustificación do mesmo
   - 1.4. Proceso de elaboración

2. **Situación de partida**
   - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
   - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
   - 2.3. Análise DAFO

3. **Plan de Acción**
   - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
   - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. **Avaliación do PD**
   - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
   - 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. **Difusión do PD**

# 1. Introdución

## 1.1. Datos básicos do centro

O CEP Dr. Fleming encóntrase na rúa Ourense, 15 da cidade de Vigo na zona escolar oito. A dirección de correo electrónico é cep.fleming@edu.xunta.gal e a páxina web http://www.edu.xunta.gal/centros/cepfleming/.

O Centro está situado nunha zona totalmente urbana aínda que é de subliñar a proximidade do parque do Castro, lugar de esparexemento para pequenos e maiores, con zonas de lecer, de xogo e marabillosas vistas á ría.

Neste mesmo espazo están situados o I.E.S. do Castro, a E.E.I. "Vila Laura" e a Escola Municipal de Música, formando así unha zona educativa privilexiada.

Nun radio inferior a cincocentos metros do Colexio atopamos outros dous centros de Secundaria (Santa Irene e Santo Tomé), tres centros de saúde (Povisa, Nicolás Peña e Pintor Colmeiro), máis dunha ducia de librerías e quioscos de prensa; a Casa da Xuventude está situada a poucos metros do centro, cunha biblioteca de literatura infantil, unha ludoteca e numerosas actividades organizadas polos monitores que alí traballan, sendo socios da mesma un número importante do alumnado do Centro.

O noso centro é liña catro e contamos con 24 aulas. O claustro está formado por 45 mestres. Tamén conta con profesorado de PROA.

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Os quioscos da zona teñen un alto índice de ventas de xornais e revistas especializadas, o que denota un bo nivel cultural e económico; ainda que notouse un descenso do nivel económico nos últimos anos sendo este de nivel medio.

Dos datos recollidos nas follas de matrícula despréndese que máis da cuarta parte dos pais/nais posúen estudos universitarios, un 30% formación profesional e o 14% declara como ocupación labores do fogar. O índice de paro ten un crecemento importante no momento actual.

A matrícula do Centro vai fluctuando durante o ano, xa que prodúcense altas e baixas ao longo do curso. Nestes momentos temos 565 alumnos repartidos nos seis cursos de primaria. A ratio acércase moito ao máximo legal permitido de 25 por aula nos cursos superiores mentres que nos inferiores notouse o descenso da natalidade. Polo de agora hai unha certa garantía de estabilidade nas catro liñas coas que funciona o centro.

A afluencia de poboación inmigrante e as adopcións internacionais tamén axudaron a manter a estrutura dos agrupamentos no colexio; na data de redacción deste documento convive no centro alumnado orixinario (ben por nacemento ou por nacionalidade) dunha vintena de países, representando unha porcentaxe próxima ao 15% do total da matrícula. Fundamentalmente proceden da zona de influencia iberoamericana.

Segundo os estudos sociolingüísticos realizados polo EDL do centro, unha porcentaxe moi elevada do alumnado ten o castelán como lingua materna (máis do 70%), o alumnado que utiliza habitualmente o castelán supera o 80%, mentres que o uso exclusivo do galego no ambiente familiar non chega a un 2%. A utilización do galego e o castelán no ambiente escolar está menos descompensado, aínda que segue a predominar o castelán.

No curso 2022/23 o Plan Dixital será un dos obxectivos prioritarios na área de Dinamización de TICS. Tamén está pendiente a resolución dos Polos Dixitais Creativos que será tamén un dos piares dos vindeiros cursos en caso de ser seleccionado o noso centro.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

### 1.4. Proceso de elaboración

Seguindo as instrucións da resolución do 3 de setembro de 2021 o proceso de elaboración do plan dixital levado a cabo polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital seguiu as seguintes fases:

- Fase de **análise** da situación do centro a través de 2 instrumentos:

- Informe SELFIE.- realizado en novembro e con aportacións de equipo directivo, alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria e todo o profesorado do centro.
- Test CDD.- Realizado por todo o profesorado do centro.

- Fase de **diagnose** de situación do centro.
  - Informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (en adiante DAFO).- elaborado polo equipo de dinamización do plan dixital.
- Fase de **elaboración** do Plan Dixital.
  - Deseño do plan de acción.- polo equipo de dinamización do plan dixital.
  - Elaboración do Plan dixital propiamente dito.- equipo de dinamización do plan dixital.

# 2. Situación de partida

## 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Contamos con conexión a internet a través de cable bastante vella e wifi Abalar, sendo esta última non moi fiable xa que queda moitas veces sen conexión.Nestes anos fíxose moi difícil poder realizar as clases en liña co alumnado en corentena xa que moitas veces quedaba sen son ou sen imaxe. Moito alumnado preferiu non conectarse as clases en liña pola mala conexión xa que era moi difícil poder seguir as explicacións ao cortarse a comunicación.
- Todas as aulas contan cun teléfono dende onde podemos realizar chamadas as familias ou aos compañeiros..
- O centro tamén conta cunha aula de informática con ordenadores pero non ten impresora nin pantalla dixital. Nove destes ordenadores foron unha dotación de Xuga 2006 e cinco de Xuga 2007, o que fai que o noso equipamento estea un tanto obsoleto xa que moitas veces quedan "colgados".
- Tanto en quinto coma en sexto contamos con Aulas Abalar. O problema que temos é que moitos dos dispositivos (2009) xa non están en bó uso pois quedan colgados ou están en mal estado.Hai anos que xa non son revisados nin teñen mantemento da Consellería. Isto fai que o uso destes dispositivos para búsqueda de información en internet ou mesmo a creación dunha presentación ou un traballo sexa moi complicado. Moitas veces queda inoperativo no medio da clase ou nin se conecta ao encendelo.
- Tamén compraronse dous Ipad para usar este ciclo para a realización de vídeos e traballar con eles nas clases. O problema é que non temos wifi o que fai moi difícil o seu uso (os mestres teñen que levar os traballos realizados para as súas casas para poder subir o contido a web).
- Todas as aulas contan cun ordenador para uso do profesorado,e un proxector así como tres PC na sala de profesorado para o uso dos mestres.Moitos destes

dispositivos están anticuados non valendo para o uso de un procesador de textos ou mesmo de conectarse correctamente a internet para o uso de Abalar ou o Xade.

- O departamento de inglés ten seis Ipads para os proxectos realizados na aula con eles tales coma edición de video, realidade virtual ou enriquecemento de fotografía.
- Na biblioteca dispoñemos de tres ordenadores moi vellos da dotación do Plambe (2008) e dous Ipads
- Como servizo corporativo contamos cunha páxina web actualizada por parte da dirección. Nela temos aloxadas as diferentes noticias, así como documentos de interese para as familias como as programacións, menú de comedor ou horarios.
- Tamén temos as Aulas Virtuais dependendo o seu uso da persoa que o creou. En inglés así como no terceiro ciclo e en cuarto de primaria faise uso prácticamente a diario sendo un recurso máis a hora de estudar así como outra ferramenta da clase.
- A ferramenta Abalar utilízase por parte do profesorado como medio de comunicación coas familias empregándose cando é preciso para comunicacións de titoría ou do centro cara as familias.
- O centro conta cunha empresa privada para o mantemento do equipamento do centro, Reprosat.
- O noso centro conta con varios documentos relacionados coas TICS:
- *Plan de continxencia*
- *Plan Xeral Anual*
- *Documento de mínimos de competencia dixital nos diferentes cursos* (aloxado na Aula Virtual de Dinamizacións do noso Centro e posto como Anexo I e aprobado no curso 20/21)

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

| Areas | Grupos | Ensinanzas | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Primaria | ESO | Bacharelato | FP | Ed. Post sec. |
| A -Liderado | Equipo Direct. | 3,7 | | | | |
| | Profesorado | 3,5 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| B- Colaboración e redes | Equipo Direct. | 3,3 | | | | |
| | Profesorado | 2,9 | | | | |
| | Alumnado | 3,3 | | | | |
| C- Infraestruturas e Equipos | Equipo Direct. | 3,1 | | | | |
| | Profesorado | 3,1 | | | | |
| | Alumnado | 3,3 | | | | |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo Direct. | 3,9 | | | | |
| | Profesorado | 3,5 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| E- Pedagoxía: Apoio e Recursos | Equipo Direct. | 4,1 | | | | |
| | Profesorado | 4,1 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| F- Pedagoxía: Implementación na aula | Equipo Direct. | 3,5 | | | | |
| | Profesorado | 3,3 | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Alumnado | 3,3 | | | | |
| G- Prácticas de avaliación | Equipo Direct. | 2,8 | | | | |
| | Profesorado | 3,2 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| H- Competencias dixitais do alumnado | Equipo Direct. | 3,6 | | | | |
| | Profesorado | 3,3 | | | | |
| | Alumnado | 3,8 | | | | |

*1.3. Participación segundo perfil do profesorado*

| | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|---|---|---|---|
| **DEFINITIVO** | 32 | 36 | 88,9 |
| **PROVISIONAL** | 4 | 4 | 100 |
| **INTERINO** | 1 | 1 | 100 |
| **SUBSTITUTO** | 4 | 4 | 100 |
| **DESPRAZADO** | | | |

*2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro*

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|---|---|---|---|
| 76.1 | B1 | 76.4 | B1 |

*2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas*

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|---|---|---|---|---|
| **PRI.** | 78 | INTEGRADOR B1 | 77 | INTEGRADOR B1 |
| **BAC** | | | | |
| **F.P** | | | | |

*2.3. Distribución do profesorado por niveis*

| | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|---|---|---|
| **A1** | 0 | |
| **A2** | 17 | 38.6% |
| **B1** | 16 | 36.4.% |
| **B2** | 10 | 22.7% |
| **C1** | 11 | 2.3% |
| **C2** | | |
| **TOTAL** | 44 | 100.00% |

## 2.3. Análise DAFO

| INTERNOS | | FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|---|---|---|---|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO | | Poucos espazos con material tecnolóxico no centro ademáis do mal funcionamento da rede Wifi. |
| | PERSOAL DOCENTE | A: Contamos con estratexia dixital e implementámola na nosa programación.<br>F4/5:O profesorado realiza actividades motivadoras e colaborativas usando as TIC.<br><br>E1: Uso de recursos educativos en liña para o aprendizaxe mediante a actualización e innovación coas TIC | DPC4:No último ano houbo profesorado que non participou na formación do emprego das tecnoloxías dixitales.<br>B3:Colaboración profesional: Usar tecnoloxías dixitais para colaborar con compañeiros profesionais.<br>ATIC 1:O noso profesorado empeza a utilizar as tecnoloxías dixitales cando empezan os compañeiros.<br>G6: O profesorado non usa as tecnoloxías para que os alumnos fagan comentarios sobre os traballos doutros compañeiros |
| | PERSOAL NON DOCENTE | | |
| | ALUMNADO | | |
| | FAMILIAS | Colaboración das familias na formación TIC dos fillos | |
| | OFERTA | | |
| | ORGANIZACIÓN DO CENTRO | | A4OP:Falta de tempo para organizarse e explorar as TIC |

| EXTERNOS | | OPORTUNIDADES | AMEAZAS |
|---|---|---|---|
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA | D2:Participación no Desenvolvemento Profesional Contínuo.<br>Plan Dixital: Formación do Plan Dixital.<br>PFPP: Formación profesional contínua | C5:O noso centro dispón de asistencia técnica contratada e non ofrecida pola Consellería para os problemas técnicos coas tecnoloxías dixitales. |
| | LEXISLACIÓN | | C7:Protección de datos e dereitos de autor |
| | CONTORNA | | |
| | ANPA | | |
| | OUTRAS ENTIDADES | | DPC7:Visitas de estudio coñecer outras esperiencias educativas |

# 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción ten en conta os recursos materiais e humanos dispoñibles no momento de elaboración do presente Plan Dixital.

O Plan de Acción que se expón a continuación supón unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles na actualidade tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

## 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partires dos resultados do DAFO o equipo de dinamización do plan dixital priorizou as necesidades detectadas nas diversas áreas do marco europeo para organizacións educativas dixitalmente competentes (en adiante DigCompOrg) e diagnosticou os diversos *items* a mellorar situándoos por orde de prelación do seguinte xeito:

| Nº | ÁREAS SELFIE | PRIORIZACIÓN ÁREAS |
|---|---|---|
| | A. LIDERADO E GOBERNANZA | |
| 1 | B. COLABORACIÓN E REDES | B3, |
| 2,3 | C. INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS | C7, C5 |
| | D. DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO | |
| | E. PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS | |
| | F. PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA | |
| | G. PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN | |
| | H. COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO | |
| 4 | OUTRAS ÁREAS | DPC4 |

A partires de esta reflexión se redactaron os seguintes obxectivos específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal, é dicir, temporizados (en adiante obxectivos SMART) prioritarios:

1. Mellorar o coñecemento sobre a protección de datos e dereitos de autor..
2. Empregar a ferramenta Proens e Abalarbox para programar de forma colaborativa
3. Desempeñar e fomentar o uso das ferramentas do centro e/ou aportadas por Polos Creativos
4. Mellorar a competencia dixital do profesorado que acadou A2 no test CDD.

Nas taboas das páxinas 12 en adiante aparecen secuenciadas e temporizadas as accións para acadar cada obxectivo, os valores de partida e o valor previsto a acadar no tempo marcado. Ademais tamén se especifican os responsables das mesmas e a previsión de recursos necesarios.

## 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A continuación inclúese **unha táboa** na que se especifican as necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas necesarias para o logro e consecución dos obxectivos marcados polo centro no plan dixital.

Para a clasificación por categorías e tipo tomáronse como referencia as indicacións establecidas no documento proporcionado por Servizos Centrais a través do taboleiro de anuncios da Aula Virtual do equipo ADIX Vigo 1 coas recomendacións de AMTEGA para a elaboración do Plan Dixital.

| | Dotación | Necesidade | Finalidade |
|---|---|---|---|
| **Infraestructuras Tecnolóxicas** | *Wifi centro educativo* | *Conectividade wifi nas aulas abalar* | *Poder traballar con contidos en rede co alumnado ademáis de realizar búsquedas por internet.* |
| | | *Mala conectividade no resto do centro.* | *Imposibilidade de subir vídeos para ser aloxados en Drive.*<br>*Traballar en rede cos Ipads con programas como Canva.* |
| **Equipamento** | ***Sala informática*** | | |
| | *18 ordenadores*<br>*1 proxector*<br>*1 impresora /fotocopiadora* | *Os ordenadores da sala de informática están vellos e non serven para programas como o Scratch xa que quedan colgados.*<br>*Tampouco pode instalarse o Libre Office xa que cóganse ao non teren capacidade suficiente.*<br>*O proxector está vello e vese mal a imaxe.*<br>*Non hai impresora para os traballos realizados co alumnado.* | *Poder realizar programación con Scratch.*<br>*Aprender a utilizar programas de procesador de textos como Libre Office.*<br>*Poder imprimir fotografías ou textos que se traballen cos estudantes.* |
| | ***AULAS*** | | |
| | *1º ciclo* | | |
| | *4 pizarras táctil (1º curso)* | *A imaxe é boa pero non poden utilizarse como táctil.* | *Poder usar as pizarras para escribir os rapaces.* |
| | *2 ordenadores (2º curso)* | *Algún ordenador de aula está obsoleto tendo aínda CD Room . Quedan colgados sen poder utilizarse.* | *Poder visualizar vídeos na clase co alumnado* |
| | *2º ciclo* | | |
| | *1 pizarra táctil* | *A imaxe é boa pero non poden utilizarse como táctil.* | *Poder usar as pizarras para escribir os rapaces.* |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | *2 ordenador* | *Ordenadores obsoletos  y con problemas para realizar clases en línea con Webbex por incompatibilidad con Linux.* | *Poder traballar co alumnado na clase, ver vídeos ou realizar videoconferencias.* |
| | *3º ciclo* | | |
| | *8 ordenadores para profesorado* | *Os ordenadores quedan moitas veces colgados.*<br>*O servizo Webbex da problemas co Linux* | *Poder traballar co alumnado e ter clases en liña cos alumnos sen interrupción da comunicación.* |
| | *100 ordenadores Abalar para alumnado* | *Ordenadores vellos e algún roto.* | *Poder traballar cos ordenadores na aula* |
| **Servizos Dixitais** | *Mensaxería corporativa (Telegram o Wassap)* | *Servizo de comunicación instantáneo entre compañeiros.* | *Empregar o tempo ergonómicamente* |
| | *Mensaxería Abalar* | *Os mensaxes que envíen as familias deberían aparecer tan pronto abres o Abalar.* | *As mensaxes de resposta aparecen na clase correspondente, e os especialistas temos que ir clases por clase para ver a quén temos que contestar* |

| “Área/s de mellora”: INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1. OBXECTIVO (1): | Mellorar o coñecemento sobre a protección de datos e dereitos de autor. (C7) | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Equipo TIC | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Número de fontes e autores nomeados nos recursos dixitais empregados. | | | | | |
| Valor de partida (3) | 0 Aulas Virtuais nomean os autores das ferramentas. | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 3 fontes son nomeadas en cada Aula Virtual. | | | 30/06/ 2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| | | | | SEGUIMENTO DA ACCIÓN | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO1.1: Coñecer as diferentes licencias para compartir material. | Equipo TIC | 30/12/22 | Aulas Virtuais<br>Blogs | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente | |
| AO1.2:Usar as licencias dos recursos utilizados/creados | Equipo TIC | 30/06/23 | Aulas Virtuais<br>Blogs | . | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente | |
| AO1.3:Mencionar as fontes empregadas | Equipo TIC | 30/06/23 | Aulas Virtuais<br>Blogs | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente | |

*C7: Protección de datos e dereitos de autor*

# Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

| “Área/s de mellora”: COLABORACIÓN E REDES | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1. OBXECTIVO (1): | Empregar a ferramenta Proens e Abalarbox para programar de forma colaborativa. (B3) | | | | Acadado |
| RESPONSABLE: | Xefatura de Estudos. | | | | Non acadado |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Número de programacións compartidas | | | | |
| Valor de partida (3) | 0 programacións compartidas entre o profesorado. | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 5 programacións compartidas | | | 30/10/2022 | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | |
| | | | | SEGUIMENTO DA ACCIÓN | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) |
| **AO2.1: Leer a nova lei educativa.** | Claustro<br>Xefatura de Estudos | 5/09/22 | Nova lei adaptada a Primaria.<br>Proens<br>Abalarbox | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |
| **AO2.2: Concretar por ciclos/ niveis nunha reunión.** | Claustro<br>Xefatura de Estudos | 10/09/22 | Sala de profesores.<br>Acta da reunión.<br>Abalarbox | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |
| **AO2.3: Realizar formación acerca do uso das ferramentas colaborativas.** | Claustro<br>Xefatura de Estudos | 1/09/22 | Aula virtual<br>Proens<br>Abalarbox | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |
| **AO2.4: Publicar os documentos nas plataformas Proens e Abalarbox** | Claustro | 20/09/22 | Aula virtual<br>Proens<br>Abalarbox | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | |

## B3: Colaboracións

## Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

| “Área/s de mellora”: INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2. OBXECTIVO (1): | Desempeñar e fomentar o uso das ferramentas do centro e/ ou aportadas por Polos Creativos (C5) | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Coordinador Polos Creativos | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Porcentaxe de profesorado que utiliza as ferramentas de Polos Creativos | | | | | |
| Valor de partida (3) | 0% do profesorado | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 2% profesorado | | | 30/05/2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMENTO DA ACCIÓN: VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | SEGUIMENTO DA ACCIÓN: ESTADO (10) | |
| AO3.1: Crear a aula de Polos Creativos. | Equipo TIC<br>Profesorado Polos Creativos<br>Coordinador Polos Creativos | 30/10/2022 | Ferramentas Polos Creativos | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO3.2: Aprender a usar as ferramentas de Polos Creativos. | Coordinador Polos Creativos | 30/05/2023 | Ferramentas Polos Creativos | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO3.3: Usar algunha das ferramentas de Polos Creativos | Profesorado Polos Creativos<br>Coordinador Polos Creativos | 30/05/2023 | Ferramentas Polos Creativos | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **AO3.3.: Compartir experiencias realizadas nos polos creativos con outros centros ou en xornadas de innovación.** | Profesorado Polos Creativos Coordinador Polos Creativos | 30/05/2023 | Ferramentas Polos Creativos | | **Realizada** | |
| | | | | | **Aprazada** | |
| | | | | | **Pendente** | |

*C5: Asistencia Técnica*

## Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

| **"Área/s de mellora": Desenvolvemento profesional contínuo** | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **3. OBXECTIVO (1):** | Mellorar a competencia dixital do profesorado que acadou A2 no test CDD (DPC4) | | | | **Acadado** | |
| **RESPONSABLE:** | Equipo Directivo. | | | | **Non acadado** | |
| **INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)** | Restultado no TestCDD | | | | | |
| **Valor de partida (3)** | Aprox un 38.2 % do claustro non acada o nivel B1 | | | | | |
| **Valor previsto e data (4)** | Polo menos, un 65% do claustro acada un nivel B1 a final de curso 22-23 | | | Ao remate do curso 2023 | | |
| **ACCIÓNS A DESENVOLVER** | | | | | | |
| | | | | **SEGUIMENTO DA ACCIÓN** | | |
| **DESCRICIÓN (5)** | **RESPONSABLES (6)** | **DATA PREVISTA FIN (7)** | **RECURSOS NECESARIOS (8)** | **VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)** | **ESTADO (10)** | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **AO4.1: Formación a través do CFR, presencial ou en liña, para a mellora da competencia dixital do profesorado.** | Dirección.<br>Coordinador/a TIC | 30/12/2022 | | | **Realizada** | |
| | | | | | **Aprazada** | |
| | | | | | **Pendente** | |
| **AO4.2: Formación do profesorado a través dun PFPP establecendo unha liña de competencia dixital adaptada á tipoloxía do centro.** | Coordinador/a PFPP | 30/05/2023 | Aula Virtual<br>Sala de ordenadores<br>Wifi | | **Realizada** | |
| | | | | | **Aprazada** | |
| | | | | | **Pendente** | |
| **A4.3:Realización do test CDD por parte do profesorado.** | Dirección.<br>Coordinador/a do Plan Dixital. | 30/05/2023 | Aula Virtual<br>Sala de ordenadores<br>Wifi | | **Realizada** | |
| | | | | | **Aprazada** | |
| | | | | | **Pendente** | |

***DPC4 Desenvolvemento profesional a través das redes profesionais***

## 4. Avaliación do plan

O procedemento de seguemento do desenvolvemento do plan dixital e da consecución dos obxectivos levarase a cabo tendo como referente os valores previstos para os indicadores dos obxectivos establecidos.

Avaliarase tanto o proceso, como a consecución do obxectivo ao final do propio proceso. Polo tanto estableceranse **dous tipos de avaliación**:

- **Avaliación procesual**.- realizarase ao final de cada trimestre e incluirán o estado da execución das accións, a análise e a valoración dos resultados. De ser o caso, tamén as posibles modificacións das accións (e os motivos) e as propostas de mellora.

- **Avaliación final**.- realizarase a final de curso e incluirá a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

## 5. Difusión do plan

Unha vez aprobado polo Claustro e o Consello Escolar, o Plan Dixital estará a disposición de toda a comunidade educativa na páxina web do centro. Empregaránse as vías de comunicación habituais do centro para dar publicidade a este Plan, prioritariamente o Abalar.

# ANEXO I

## PROPOSTA DE UTILIZACIÓN DAS TICS

| PRIMERO E SEGUNDO | |
|---|---|
| Ordenador | ● Identificar os compoñentes básicos dun ordenador (pantalla, rato, CPU…)<br>● Cómo encendelo e apagalo. |
| Rato | ● Uso do rato e manexo del na pantalla.<br>● Uso do botón esquerdo para seleccionar facendo doble clic.<br>● Uso do botón dereito para ter diferentes utilidades. |
| Teclado | ● Familiarización das letras do teclado.<br>● Uso de intro para executar accións. |
| Programas | ● Coñecer as utilidades de internet (búsqueda de información, tempo de lecer, vídeos…).<br>● Coñecer os termos relacionados coas novas tecnoloxías (internet, redes sociais, youtube…).<br>● Uso e manexo da pixarra dixital (lapis, selección…), do ordenador (encendido, apagado, uso do rato, teclado…).<br>● Manexar diferentes programas propostos e participación activa en actividades para fomentar o uso das TICs.<br>● Aceptar as novas  tecnoloxías como un elemento de uso cotidiano. |

| TERCEIRO E CUARTO | |
|---|---|
| Ordenador | ● Repaso dos coñecementos previos (partes e periféricos). |
| Rato | ● Repaso dos coñecementos previos.<br>● Botón dereito para poder descargar, copiar e pegar.<br>● Facer unha carpeta ou un arquivo. |
| Teclado | ● Familiarización das letras do teclado e uso de intro.<br>● Uso das maiúsculas, dos acentos e @. |

| | |
|---|---|
| Programas | ● Uso de Office Writer para crear un documento escrito.<br>● Cómo gardar unha imaxe.<br>● Uso de diferentes navegadores para internet. |

| QUINTO E SEXTO | |
|---|---|
| Ordenador | ● Repaso dos coñecementos previos |
| Rato | ● Repaso dos coñecementos previos. |
| Teclado | ● Repaso dos coñecementos previos.<br>● Uso dalgún programa de aprender a escrita no ordenador (xogo mecanografía).<br>● Aprender a cortar e pegar cos atallos do teclado.(ctrl+C / crtl+V) |
| Programas | ● Uso de office writer para pequenos arquivos de texto.<br>● Presentación de diapositivas (impress/powerpoint).<br>● Aprender a descargar unha imaxe nunha carpeta.<br>● Inxerir imaxes nun documento.<br>● Elaborar un documento de texto (xustificado, con formato de texto, imaxe ).<br>● Convertir un documento a PDF.<br>● Como facer captura de pantalla. |